



Plan de Patrocinio Publicitario dos Equipos de Alta Competición de Galicia

(Exercicio 2018)

1. Antecedentes	3
2. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.....	4
3. Dotación orzamentaria.....	12
4. Tramitación: convenios de patrocinio.....	12
5. Vixencia dos patrocinios.....	18
6. Documentación a presentar polas Entidades que cumpren a priori cos requirimentos para ser beneficiarias deste Plan de patrocinios.....	18
7. Prazo de presentación.....	20
8. Subsanción de erros	20
9. Notificacións	21
10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes	21
11. Transparencia e bo goberno.....	22
12. Protección de datos de carácter persoal	22
13. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.....	23
14. Resolución do patrocinio.....	40
15. Aceptación do patrocinio.....	40
16. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.....	40
17. Formalización do patrocinio.....	41
18. Fórmula de pago.....	41
19. Penalizacións.....	42
20. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.....	42
21. Actuacións de control por parte da Fundación.....	43
22. Información para ABANCA.....	44

1. Antecedentes

A Fundación Deporte Galego é unha entidade de natureza fundacional do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita ao Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Conforme aos seus Estatutos, a Fundación ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

Entre os seus fins, a Fundación asume:

- a) “O fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia”. Artigo 6.c)
- b) “Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as”. Artigo 6.e).
- c) “Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins”. Artigo 6.f)

Na consecución destes obxectivos fundacionais, a Fundación pon en marcha a IX Edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de alta competición de Galicia, neste caso, para o exercicio 2018 **co código de procedemento PR960A**.

Tras oito tempadas de traballo, logrando dos clubs un grande retorno publicitario en todo o territorio galego, estatal e incluso a nivel internacional, cunha presenza permanente da imaxe deste Plan de Patrocinio nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, nas redes sociais, etc.... esta iniciativa que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos, como foi o caso de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (“ABANCA”), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste Plan de Patrocinio no ano 2015.

Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para este ano 2018, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego.

Como consecuencia do sinalado anteriormente, a Fundación Deporte Galego e ABANCA acordaron o ano 2015 formalizar un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA.

2. Identificación dos destinatarios. Criterios para a súa incorporación.

1. Son obxecto deste patrocinio aquelas entidades que na tempada 2017/2018 contén con equipos que compiten en modalidades/especialidades deportivas nas que as competicións de máximo nivel en **categoría absoluta/senior (apartados A e B) e/ou previa á absoluta (apartado C)**, se atopan nalgún dos seguintes supostos:

- a) Sistema de liga regular, de ámbito estatal, de 1º e 2º nivel de categoría senior/absoluta, á CUXA PRIMEIRA CATEGORÍA se accede por clasificación en base aos resultados acadados polo equipo senior/absoluto, con ascensos e descensos de categoría, e cun número de xornadas igual ou superior a tres (cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada).

Quedarán excluídos deste suposto os equipos participantes nas competicións recoñecidas polo Consejo Superior de Deportes como Ligas Profesionais: 1ª e 2ª división A de fútbol e Liga ACB de baloncesto.

Dada a relevancia mediática de ámbolos dous deportes: fútbol e baloncesto, o Plan inclúe as dúas seguintes Ligas de máximo nivel de ámbito estatal. No caso de baloncesto, a Liga LEB OURO e LEB PRATA, e, no caso do fútbol, só a 2ª DIVISIÓN B, dado que a inmediatamente inferior, a 3ª división, é de ámbito autonómico e non estatal.

Tamén quedarán excluídos deste suposto os equipos que na tempada 2017/2018 ou exercicio 2018 participen nunha competición que non se organizara alomenos unha vez nos últimos 3 anos.

Igualmente quedarán excluídos deste suposto os equipos que na tempada 2017/2018 ou exercicio 2018 participen nunha competición por niveis/categorías/divisións, onde os ascensos e descensos non se regulen exclusivamente a través dos resultados deportivos acadados polos equipos de categoría senior/absoluto.

- b) Sistema de liga regular e/ou ránking/clasificación por equipos (**só en categoría absoluta/senior**), de ámbito estatal, en **MODALIDADES/ESPECIALIDADES OLÍMPICAS, ás que non se accede por clasificación en base aos resultados acadados polo equipo senior/absoluto**, e cun número de xornadas/probas/campionatos igual ou superior a tres (cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada). Teranse en conta aquelas modalidades/especialidades incluídas nos Xogos Olímpicos a celebrarse máis preto da data de tramitación dos convenios.

Quedarán excluídos deste suposto os equipos que na tempada 2017/2018 ou exercicio 2018 participen por primeira vez na liga regular e/ou ranking/clasificación senior/absoluto.

Tamén quedarán excluídos deste suposto os equipos onde o sistema de clasificación/ránking de categoría absoluta/senior teña cinco ou menos anos de vixencia e que non estiveran clasificados alomenos unha vez entre os dez primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan alomenos vinte equipos e unha vez entre os tres primeiros nas tempadas de desenvolvemento deste para clasificacións/ránkings onde compitan menos de vinte equipos.

Igualmente quedarán excluídos deste suposto os equipos que na tempada 2017/2018 ou exercicio 2018 participen nunha competición por niveis/categorías/divisións, onde os ascensos e descensos non se regulen exclusivamente a través dos resultados deportivos acadados polos equipos de categoría senior/absoluto e que non compitan no seu 1º nivel/categoría/división.

- c) Sistema de liga regular de 1º primeiro nivel en **categoría previa á absoluta**, desenvolvida a nivel estatal, á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría en base aos resultados deportivos, e cun número de xornadas igual ou superior a dez (cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada), en modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas.

2. Quedarán excluídos os equipos que, aínda estando nos supostos anteriores, no momento de finalizar o prazo de subsanación para a presentación da documentación requirida, estiveran en situación de concurso de acredores.

Os equipos que participen en competicións onde o regulamento non obriga a competir en todas as xornadas/probas/campionatos que a conforman, estarán obrigados a participar en alomenos tres xornadas/probas/campionatos.

Aquelas entidades que contan con máis dun equipo nas competicións obxecto do Plan poderán subscribir tantos convenios coma equipos teña comprendidos no ámbito do mesmo, agás no caso dos clubs que teñan varios equipos competindo na mesma modalidade/especialidade do mesmo nivel e categoría nos sistemas de competición definidos anteriormente, que só poderán formalizar convenio de patrocinio por un dos equipos.

De acordo con estes criterios e a través dunha certificación aportada previamente á formalización deste plan polas correspondentes federacións deportivas galegas/españolas ou entidades organizadoras das competicións, os equipos identificados como posibles patrocinados deste Plan son os seguintes:

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Atletismo	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (masculino)	1º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Atletismo	Club de Atletismo Ría Ferrol	1º	Fem.	Ferrol	A Coruña
Atletismo	Real Club Celta de Atletismo	2º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Atletismo	Club Atletismo Narón	2º	Masc.	Narón	A coruña
Atletismo	Club Atletismo Femenino Celta	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Atletismo	Sociedad Gimnástica de Pontevedra (feminino)	2º	Fem.	Pontevedra	Pontevedra
Bádminton	Club Bádminton As Neves	2º	Mixta	As Neves	Pontevedra
Bádminton	Club de Mar de San Amaro	2º	Mixta	A Coruña	A Coruña
Baloncesto	Club Universitario de Ferrol	1º	Fem.	Narón	A Coruña
Baloncesto	Club Baloncesto Breogán S.A.D.	2º	Masc.	Lugo	Lugo
Baloncesto	Club Orense Baloncesto S.A.D.	2º	Masc.	Ourense	Ourense
Baloncesto	Club Básquet Coruña	2º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Baloncesto	Club Deportivo Bosco	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Baloncesto	Agrupación Deportiva Cortegada	2º	Fem.	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
Baloncesto	Club Porta XI C.B.	2º	Fem.	Lugo	Lugo
Baloncesto	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra	2º	Fem.	Pontevedra	Pontevedra
Baloncesto	Club Xuventude Baloncesto	3º	Masc.	Cambados	Pontevedra
Balonmán	Club Balonmán Cangas	1º	Masc.	Cangas	Pontevedra
Balonmán	Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra	1º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Balonmán	Club Balonmano Porriño	1º	Fem.	O Porriño	Pontevedra

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Balonmán	Clube Balonmán Atlético Guardés	1º	Fem.	A Guarda	Pontevedra
Balonmán	Club Cisne Balonmano	2º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Balonmán	C. D. Balonmán Chapela	2º	Fem.	Chapela	Pontevedra
Balonmán	Club Balonmán Seis do Nadal-Coia	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Balonmán	Club Sociedad Deportiva Carballal	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Balonmán	Sociedad Atlética Redondela	2º	Fem.	Redondela	Pontevedra
Balonmán	Asmubal Meaño	2º	Fem.	Meaño	Pontevedra
Béisbol e Sófbol	Club Béisbol y Sofbol Cambre (feminino)	1º	Fem.	Cambre	A Coruña
Béisbol e Sófbol	Halcones de Vigo Béisbol Club	2º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Béisbol e Sófbol	Asociación Club Leones de Santiago BBC	2º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Béisbol e Sófbol	Club Béisbol y Sofbol Cambre (masculino)	2º	Masc.	Cambre	A Coruña
Béisbol e Sófbol	Druidas Béisbol Club	2º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Béisbol e Sófbol	Trasnos Béisbol Club	2º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Billar	Círculo de las Artes	2º	Masc.	Lugo	Lugo
Bolos	Club Bowling Celta	1º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Ciclismo	Grupo Deportivo Supermercados Froiz	1º	Masc.	Poio	Pontevedra
Ciclismo	Club Ciclista Padronés	1º	Masc.	Padrón	A Coruña
Ciclismo	Club Ciclista Rías Baixas	1º	Masc.	Nigrán	Pontevedra
Ciclismo	Club Ciclista Cambre	1º	Masc.	Cambre	A Coruña
Ciclismo	Club Ciclista Vigués	1º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Ciclismo	Club Ciclista Spol	1º	Masc.	O Porriño	Pontevedra
Ciclismo	Racing Cycling Team	1º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Ciclismo	Clube Ciclista Cidade de Lugo	1º	Fem.	Lugo	Lugo
Deporte Adaptado	Club AMFIV	1º	Mixta	Vigo	Pontevedra
Deporte Adaptado	Club Basketmi Ferrol	2º	Mixta	Ferrol	A Coruña
Esgrima	Club Esgrima Coruña	1º	Masc.	Oleiros	A Coruña
Esgrima	Club de Esgrima Vigo "El Olivo"	1º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Esgrima	Zalaeta 100Tolos (masculino)	2º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Esgrima	Zalaeta 100Tolos (feminino)	2º	Fem.	Oleiros	A Coruña
Fútbol	Club Peluquería Mixta Friol	2º	Fem.	Friol	Lugo
Fútbol	Victoria C.F. (A Coruña)	2º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Fútbol	Sárdoma Club Fútbol	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Atlantida Matamá	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Real Club Deportivo de La Coruña, S.A.D. (feminino)	2º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Fútbol	victoria F. C. (Santiago de Compostela)	2º	Fem.	Santiago de Compostela	A coruña
Fútbol	Corujo Club de Fútbol	3º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Real Club Celta de Vigo S.A.D. "B"	3º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Racing Club de Ferrol S. A. D.	3º	Masc.	Ferrol	A Coruña

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Fútbol	Pontevedra C.F. S.A.D.	3º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Fútbol	Real Club Deportivo de La Coruña, S.A.D. "B"	3º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Fútbol	Club Rápido de Bouzas	3º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	CCD Cerceda	3º	Masc.	Cerceda	A Coruña
Fútbol	Real Club Deportivo de La Coruña, S.A.D. (xuvvenil)	previa absol.	Masc.	A Coruña	A Coruña
Fútbol	Club Deportivo Lugo	previa absol.	Masc.	Lugo	Lugo
Fútbol	Escuelas Deportivas Val Miñor Nigrán	previa absol.	Masc.	Nigrán	Pontevedra
Fútbol	Real Club Celta de Vigo S.A.D. (xuvvenil)	previa absol.	Masc.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Alondras Club de Fútbol	previa absol.	Masc.	Cangas	Pontevedra
Fútbol	C. D. Areosa	previa absol.	Masc.	Vigo	Pontevedra
Fútbol	Santiago de Compostela C. F.	previa absol.	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Fútbol	Pontevedra C.F. S.A.D. (xuvvenil)	previa absol.	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Fútbol	Racing Club Villalbés	previa absol.	Masc.	Vilalba	Lugo
Fútbol	Santiago Futsal	1º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Fútbol	O Parrulo Fútbol Sala	1º	Masc.	Ferrol	A Coruña
Fútbol	Ourense Club de Fútbol S.A.D.	1º	Fem.	Ourense	Ourense
Fútbol	C.D. Burela Fútbol Sala (feminino)	1º	Fem.	Burela	Lugo
Fútbol	Cidade de As Burgas Fútbol Sala	1º	Fem.	Ourense	Ourense
Fútbol	Poio Fútbol Sala	1º	Fem.	Poio	Pontevedra
Fútbol	C.D. Burela Fútbol Sala (masculino)	2º	Masc.	Burela	Lugo
Fútbol	Prone Lugo Asociación Deportiva	2º	Masc.	Lugo	Lugo
Fútbol	Noia F. S.	2º	Masc.	Noia	A Coruña
Fútbol	Club Valdetires	2º	Fem.	Ferrol	A Coruña
Fútbol	Club Viajes Amarelle F. S.	2º	Fem.	Santa Comba	A Coruña
Fútbol	Fisober F.S.F.	2º	Fem.	Vimianzo	A Coruña
Fútbol	Asociación Educativa Cultural Lúdica y Deportiva O Fisgón Morrazo	2º	Fem.	Moaña	Pontevedra
Fútbol	Cidade de Pontevedra	2º	Fem.	Pontevedra	Pontevedra
Fútbol	A Fervenza F. S. F.	2º	Fem.	Ferrol	A Coruña
Fútbol Americano	Santiago Black Ravens	1º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Halterofilia	Club Halterofilia Coruña (masculino)	1º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Halterofilia	Club Halterofilia Pabellón (masculino)	1º	Masc.	Ourense	Ourense

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Halterofilia	Club Halterofilia Ferrol	1º	Masc.	Ferrol	A Coruña
Halterofilia	Club Halterofilia Vigo	1º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Halterofilia	Club Halterofilia Rías Baixas	1º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Halterofilia	Club Halterofilia Coruña (feminino)	1º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Patinaxe	Club de Hockey Femenino Meigas	2º	Fem.	Lugo	Lugo
Patinaxe	Club Patíns Lóstregos Lucus (feminino)	2º	Fem.	Lugo	Lugo
Patinaxe	Hockey Club Liceo de A Coruña (masculino)	1º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Patinaxe	Hockey Club Liceo de A Coruña (feminino)	1º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Patinaxe	Sada Patín (masculino)	1º	Masc.	Sada	A Coruña
Patinaxe	Sada Patín (feminino)	2º	Fem.	Sada	A Coruña
Pelota	Club Pelota La Coruña	2º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Piragüismo	Clube Copacabana de Piragüismo	1º	Masc.	Ferrol	A Coruña
Piragüismo	Club Kayak Polo Combarro	2º	Mixta	Poio	Pontevedra
Piragüismo	Real Club Náutico Rodeira Cangas	2º	Mixta	Cangas	Pontevedra
Piragüismo	Club Náutico Umia	2º	Mixta	Caldas de Reis	Pontevedra
Piragüismo	Club Deportivo Miño-Os Teixugos (feminino)	1º	Fem.	Tomiño	Pontevedra
Piragüismo	Club Kayak Tudense (masculino)	1º	Masc.	Tui	Pontevedra
Piragüismo	Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán O Grove (Masculino)	1º	Masc.	O Grove	Pontevedra
Piragüismo	Club Escola de Piragüismo Poio (masculino)	1º	Masc.	Poio	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Vilaboa	1º	Masc.	Vilaboa	Pontevedra
Piragüismo	Club Naval de Pontevedra	1º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Piragüismo	Club As Torres (masculino)	1º	Masc.	Catoria	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Rías Baixas-Náutico Boiro	1º	Masc.	Boiro	A Coruña
Piragüismo	Club Fluvial de Lugo (masculino)	1º	Masc.	Lugo	Lugo
Piragüismo	Club Ría de Betanzos	1º	Masc.	Betanzos	A Coruña
Piragüismo	Club Náutico Pontecesures (masculino)	1º	Masc.	Pontecesures	Pontevedra
Piragüismo	Club de Mar Ría de Aldán (masculino)	1º	Masc.	Cangas	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo C. P. Portonovo (masculino)	1º	Masc.	Sanxenxo	Pontevedra
Piragüismo	Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán de O Grove (Feminino)	1º	Fem.	O Grove	Pontevedra
Piragüismo	Club Kayak Tudense (feminino)	1º	Fem.	Tui	Pontevedra
Piragüismo	Club As Torres (feminino)	1º	Fem.	Catoria	Pontevedra
Piragüismo	Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra	1º	Fem.	Pontevedra	Pontevedra
Piragüismo	Club de Mar Ría de Aldán (feminino)	1º	Fem.	Cangas	Pontevedra

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Piragüismo	Club Fluvial de Lugo (feminino)	1º	Fem.	Lugo	Lugo
Piragüismo	Club Náutico Pontecesures (feminino)	1º	Fem.	Pontecesures	Pontevedra
Piragüismo	Club Náutico Firrete (feminino)	1º	Fem.	Pontedeume	A Coruña
Piragüismo	Club Náutico Firrete (masculino)	2º	Masc.	Pontedeume	A Coruña
Piragüismo	Club Náutico Ría de Pontevedra	2º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Verducido-Pontillón	2º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Aldán	2º	Masc.	Cangas	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Rianxo (feminino)	2º	Fem.	Rianxo	A Coruña
Piragüismo	Club Escola de Piragüismo Poio (feminino)	2º	Fem.	Poio	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Ciudad de Lugo	2º	Fem.	Lugo	Lugo
Piragüismo	Club Piragüismo Illa de Arousa	2º	Fem.	Illa de Arousa	Pontevedra
Piragüismo	Club Piragüismo Rías Baixas-Náutico Boiro	2º	Fem.	Boiro	A Coruña
Piragüismo	Club Piragüismo C. P. Portonovo (feminino)	2º	Fem.	Sanxenxo	Pontevedra
Remo	Sociedad Deportiva Tirán	1º	Masc.	Moaña	Pontevedra
Remo	Club de Remo Cabo de Cruz de Boiro	1º	Masc.	Boiro	A Coruña
Rugby	Club de Arquitectura Técnica (feminino)	1º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Rugby	Club de Arquitectura Técnica (masculino)	2º	Masc.	A Coruña	A Coruña
Rugby	Vigo Rugby Club	2º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Rugby	Campus Universitario Ourense R.C.	2º	Masc.	Ourense	Ourense
Tenis de Mesa	Arteal Tenis Mesa (masculino - Superdiv)	1º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Tenis de Mesa	Agupación Deportiva Vincios (masculino)	1º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Tenis de Mesa	Club deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa	1º	Masc.	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
Tenis de Mesa	Arteal Tenis Mesa (feminino - Superdiv)	1º	Fem.	Santiago de Compostela	A Coruña
Tenis de Mesa	Club Tenis de Mesa Espedregada Oroso (feminino - Superdiv)	1º	Fem.	Oroso	A Coruña
Tenis de Mesa	Club Oroso Tenis de Mesa	2º	Masc.	Oroso	A Coruña
Tenis de Mesa	Club Cambados Tenis de Mesa	2º	Masc.	Cambados	Pontevedra
Tenis de Mesa	Tenis de Mesa Monte Porreiro (masculino)	2º	Masc.	Pontevedra	Pontevedra
Tenis de Mesa	Tenis de Mesa Monte Porreiro (feminino)	2º	Fem.	Pontevedra	Pontevedra
Tenis de Mesa	Arteal Tenis Mesa (feminino - DH)	2º	Fem.	Santiago de Compostela	A Coruña
Tenis de Mesa	Club Tenis de Mesa Cidade de Narón	2º	Fem.	Narón	A Coruña
Tenis de Mesa	Club Tenis de Mesa Espedregada Oroso (feminino - DH)	2º	Fem.	Oroso	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino)	1º	Masc.	Lugo	Lugo

MODALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL	CARÁCTER	LOCALIDADE	PROVINCIA
Triatlón e Pentatlón Moderno	Tripenta Terras de Lugo (masculino)	1º	Masc.	Lugo	Lugo
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino)	1º	Fem.	Lugo	Lugo
Triatlón e Pentatlón Moderno	Tripenta Terras de Lugo (feminino)	1º	Fem.	Lugo	Lugo
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Santiago (masculino)	2º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Olímpico de Vedra (masculino)	2º	Masc.	Vedra	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Triatlón Ferrol	2º	Masc.	Ferrol	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Natación Riveira	2º	Masc.	Riveira	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Triatlón Compostela	2º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Olímpico de Vedra (feminino)	2º	Fem.	Vedra	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	A.D. Náutico de Narón	2º	Fem.	Narón	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Santiago (feminino)	2º	Fem.	Santiago de Compostela	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Santiago (masculino)	1º	Masc.	Santiago de Compostela	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino)	1º	Masc.	Lugo	Lugo
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Santiago (feminino)	1º	Fem.	Santiago de Compostela	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino)	1º	Fem.	Lugo	Lugo
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Triatlón Ferrol	1º	Fem.	Ferrol	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Club Olímpico de Vedra	2º	Masc.	Vedra	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	Triatlón Arteixo	2º	Masc.	Arteixo	A Coruña
Triatlón e Pentatlón Moderno	A.D. Náutico de Narón	2º	Fem.	Narón	A Coruña
Voleibol	Club Emevé (masculino)	2º	Masc.	Lugo	Lugo
Voleibol	Club Vigo Voleibol	2º	Masc.	Vigo	Pontevedra
Voleibol	Club Deportivo Aldebarán de San Saturnino	2º	Masc.	San Sadurniño	A Coruña
Voleibol	Club Voleibol Cabo de Cruz	2º	Masc.	Boiro	A Coruña
Voleibol	Club Fútbol Dumbría	2º	Masc.	Dumbría	A Coruña
Voleibol	Club Emevé (feminino)	2º	Fem.	Lugo	Lugo
Voleibol	Club Instituto Zalaeta	2º	Fem.	A Coruña	A Coruña
Voleibol	Club Deportivo Xuvenil Teis	2º	Fem.	Vigo	Pontevedra

No caso de que antes da finalización da vixencia dos convenios de patrocinio se producira a sucesión da entidade beneficiaria do convenio, trasladaranse á entidade sucesora o conxunto das obrigas e dereitos adquiridos pola primeira, subrogándose esta no conxunto de dereitos e obrigas, e sempre que cumpra e acredite a totalidade dos requisitos do Plan. No caso de que a sucesión de convenio só afecte a parte das contraprestacións adquiridas coa formalización do convenio, a Fundación, no momento de efectuar o pagamento de cada un dos prazos de pago establecidos no Plan de Patrocinio, tomará como referencia a puntuación resultante da aplicación dos criterios de valoración a cada contraprestación, aboandolle a cada entidade o importe correspondente. Non obstante, ámbalas dúas entidades, deberán presentar perante a Fundación un documento que acredite o acordo de sucesión das obrigas do convenio así como a conformidade por ambas partes dos importes que a Fundación deberá aboar finalmente a cada entidade.

3. Dotación orzamentaria.

O orzamento (incluído o I.V.E.) autorizado para estes convenios ascende á cantidade de **2.420.000 €**, contía que representa o gasto máximo a realizar pola Fundación en virtude do Plan. Esta contía, en todo caso, haberá de ser reaxustada, no seu caso, con motivo dunha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

A antedita contía comprende non só o importe dos correspondentes convenios, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Tamén se debe entender comprendido o importe de **420.000 euros** do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.), que corresponde ao 21% do orzamento sen I.V.E. (2.000.000 €), de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente ao longo da vixencia dos convenios. Todo isto, sen perxuízo do antes sinalado en relación a unha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

Os presentes convenios serán financiados con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2018, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2018 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente.

4. Tramitación: convenios de patrocinio.

O Plan de patrocinios supón unha actividade de patrocinio realizada pola Fundación respecto dos equipos destinatarios do Plan, que deberán cumprir as obrigas de difusión da imaxe corporativa da FUNDACIÓN e do Plan GALICIA SAUDABLE así como de ABANCA especificadas no convenio, así como nunha colaboración dos equipos, e particularmente dos seus adestradores e xogadores, nas actividades organizadas no marco do Plan GALICIA SAUDABLE.

En atención á natureza das relacións nas que se traduce, o Plan será executado a través da formalización de convenios de patrocinio cos Equipos incorporados ao Plan. Estes convenios, que a Fundación subscribrá con cada entidade deportiva, contemplarán prestacións publicitarias para a Fundación Deporte galego e para ABANCA no ámbito da consecución dos obxectivos comúns da Fundación, de ABANCA e de ditas entidades deportivas de promoción do deporte de alta competición en Galicia así como da promoción do Plan galego para o fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE.

4.1. Características particulares do Plan:

Este Plan estruturase en dous apartados:

- a) **PATROCINIO DEPORTE GALEGO - GALICIA SAUDABLE:**
1.400.000 euros + IVE.
 - Poderán ser obxecto de patrocinio deste primeiro apartado todas as entidades que cumpran cos requisitos esixidos no apartado 2 desta memoria.

- b) **PATROCINIO CON CARGO Á LIÑA ESPECÍFICA ABANCA:**
600.000 euros + IVE.
 - Poderán ser obxecto de patrocinio deste segundo apartado todas as entidades que cumpran cos requisitos esixidos no apartado 2 desta memoria e ademais cumpran cos seguintes de forma acumulativa:
 - Oferten determinados espazos publicitarios para ABANCA nos soportes publicitarios do equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto do Plan garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
 - Acrediten que contan con categorías de base ou que teña como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados e o equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto de patrocinio participe nunha competición para discapacitados. Para acreditar a promoción do deporte base, no caso das Entidades que non teñan categorías de base directamente dependentes delas pero que acrediten documentalmente que colaboran coas categorías inferiores doutra entidade, poderán ser obxecto deste patrocinio sempre e cando teñan capacidade para cumprir as prestacións publicitarias esixidas nos soportes da entidade coa que están colaborando. En todo caso, o acordo de colaboración entre esas entidades deberá ser sempre previo ao inicio da tramitación deste Plan. Para ter en conta as licenzas de categorías base e polo tanto a efectos de incluír as entidades na segunda liña de patrocinio, no caso daquelas

entidades que dispoñan de menos de 15 licenzas, deberán acreditar que estas son suficientes para poder participar en competicións deportivas desa modalidade deportiva e que a entidade tivo deporte base en exercicios anteriores.

- Incorporen a imaxe corporativa de ABANCA nas equipacións deportivas das súas categorías de base nas condicións e nos soportes publicitarios establecidos neste documento, garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. No caso das entidades que teñan como obxecto social principal a promoción do deporte para discapacitados non será preciso que dispoñan de categorías inferiores pero deberán incorporar a imaxe corporativa de ABANCA en actuacións concretas de promoción do deporte adaptado, garantindo a exclusividade publicitaria de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
- Non poderán ser obxecto desta liña de patrocinio aquelas entidades que á data na que a Fundación resolva este patrocinio, manteñan coa propia ABANCA unha débeda certa, líquida, vencida e esixible que non resultara pagada.
- No caso de que o número de equipos que finalmente accedan a esta segunda liña de patrocinio non chegue a 75, a Fundación Deporte Galego poderá anular esta liña de patrocinios, tendo en conta as obrigas contraídas por esta con ABANCA.

4.2. Prestacións publicitarias:

4.2.1. Primeiro apartado: patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable

Para acceder a este primeiro apartado de patrocinio, as Entidades deberán incorporar a imaxe corporativa establecida pola Fundación Deporte Galego para a promoción da imaxe desta e do “PLAN GALICIA SAUDABLE”, en todas as competicións nas que participe o Equipo de categoría absoluta durante o exercicio 2018, así como nas actividades que organice o equipo e que oferte como obxecto de patrocinio no exercicio e nos seguintes soportes, sen prexuízo doutros que puideran establecerse:

- a) **Equipamentos oficiais de competición.**
- b) **Equipamentos de adestramento.**
- c) **Equipamentos de paseo/viaxe.**
- d) **Vehículos oficiais** dos que dispoña o Equipo, debidamente identificados co emblema do club, en propiedade ou aluguer para desprazamentos.

- e) **Na cartelería oficial** ou en calquera outro soporte anunciador dos encontros/probas organizadas pola entidade e que sexan obxecto de patrocinio.
- f) **Banner publicitario** nun lugar preferente da web da Entidade ou doutros soportes nas redes sociais, debendo permanecer nela durante toda a tempada.
- g) **Instalacións** onde o Equipo desenvolve a súa competición como equipo local e os seus adestramentos. Incluiráse a imaxe como mínimo, en:
 - Todos os **paneis e traseiras** utilizadas para as **roldas de prensa** (sexa en local pechado ou a pé de pista/campo).
 - Na instalación de competición como local e na de adestramento deberán situarse, en lugar preferente, **como mínimo, dúas lonas publicitarias de 5x1 metros** onde se recolla exclusivamente a imaxe corporativa establecida para este apartado. **Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades ofertadas pola Entidade.** No caso dos Equipos que non compitan como locais nin contén con instalacións de adestramento ou competicións pechadas ou acotadas, deberán asegurar esta presenza noutros soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....)
- h) **Melloras ofertadas pola Entidade. Preferentemente** valorarase a inclusión da imaxe corporativa desta liña de patrocinio nos seguintes soportes:
 - Lonas en lugar preferente na instalación de competición a maiores das establecidas como obrigatorias.
 - Carpas, remolques, embarcacións, etc....
 - Equipacións deportivas nas categorías base.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes sinalados anteriormente, debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos neste Plan. Nese caso é preciso identificar na proposta o soporte alternativo.

4.2.2. Segundo apartado: patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.

As entidades deberán incorporar a imaxe corporativa de ABANCA que a Fundación Iles facilite en todas as competicións nas que participe o Equipo de categoría absoluta durante o exercicio 2018, así como nas actividades que organice o equipo e que oferte como obxecto de patrocinio no exercicio e nos seguintes soportes, sen prexuízo doutros que puideran establecerse:

- a) **Equipamentos oficiais de competición**, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras. Neste soporte publicitario, establécense como espazos preferentes para a inclusión

da imaxe á hora da valoración dos soportes publicitarios os seguintes e por esta orde:

- Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.
- Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
- Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande

No caso de equipacións sen número, establécese como espazos preferentes para a inclusión da imaxe á hora da valoración dos soportes publicitarios os seguintes e por esta orde:

- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

- b) Equipamentos de adestramento**, prioritariamente debaixo do escudo da entidade e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
- c) Equipamentos de paseo/viaxe**, prioritariamente debaixo do escudo da entidade e garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras.
- d) Vehículos oficiais** dos que dispoña o Equipo (en propiedade ou aluguer para desprazamentos), pero só naqueles que dispoñan de sete ou máis prazas e que se identifiquen claramente como vehículos do club.
- e) Na cartelería oficial** ou en calquera outro soporte anunciador dos encontros/probas organizadas pola entidade e que sexan obxecto de patrocinio.
- f) Banner** publicitario nun lugar preferente da web da Entidade ou doutros soportes nas redes sociais, debendo permanecer nela durante toda a tempada.
- g) Instalacións** onde o Equipo desenvolve a súa competición como equipo local e os seus adestramentos. A Entidade incluírá a imaxe como mínimo, en:
 - Todos os **paneis e traseiras** utilizadas para as **roldas de prensa** (sexa en local pechado ou a pé de pista/campo).
 - Na instalación de competición como local e na de adestramento deberán situarse, en lugar preferente, **como mínimo, dúas lonas publicitarias de 3x1 metros** onde se recollan exclusivamente a imaxe corporativa de ABANCA, situándoas en lugar preferente de visibilidade televisiva e nunca contigua a outros soportes publicitarios de empresas do mesmo sector que ABANCA. **Deberán tamén incorporarse estas lonas nas diferentes actividades ofertadas pola Entidade.** No caso dos equipos que non compitan como locais nin contén con instalacións de adestramento ou competición pechadas ou acotadas, deberán asegurar esta presenza noutros soportes alternativos (instalacións do club, carpas, village, etc....).

h) Melloras ofertadas pola Entidade. Preferentemente valorarase a inclusión da imaxe corporativa desta liña de patrocinio nos seguintes soportes:

- Lonas en lugar preferente na instalación de competición a maiores das establecidas como obrigatorias.
- Carpas, remolques, embarcacións, etc....
- Equipacións deportivas nas categorías base.

Asemade, e logo da firma do patrocinio entre a Fundación e a entidade deportiva, esta poderá ser requirida por ABANCA para asinar nun acto público ou privado un documento no que se recollan as obrigas asumidas pola entidade en función do contrato formalizado coa Fundación e referidas ás concretas propostas publicitarias para ABANCA.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa de ABANCA nalgún dos soportes sinalados anteriormente – segundo as indicacións da Fundación -, debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse adecuadamente e incluír esta imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos previo visto bo da Fundación. Nese caso é preciso identificar na proposta o soporte alternativo.

A maiores, deberá incluírse a imaxe corporativa de ABANCA, garantindo a exclusividade de ABANCA respecto doutras entidades financeiras, nos seguintes soportes **DAS CATEGORÍAS DE BASE:**

a) Equipamentos oficiais de competición dos diferentes equipos das categorías de base, podendo seleccionar un ou varios dos seguintes espazos e preferentemente por esta orde:

- Parte dianteira da camiseta no centro da mesma en grande.
- Parte traseira da camiseta, enriba do número en grande.
- Parte traseira da camiseta, debaixo do número en grande

No caso de equipacións sen número, a imaxe corporativa incorporárase nalgún dos seguintes espazos e prioritariamente por esta orde:

- Parte dianteira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.
- Parte traseira-superior da camiseta en grande, evitando que poida ser cuberto por dorsais ou outros elementos identificadores.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa de ABANCA nalgún dos soportes sinalados anteriormente – segundo as indicacións da Fundación - deberá xustificarse adecuadamente e incluír esta imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos previo visto bo da Fundación. Nese caso é preciso identificar na proposta o soporte alternativo.

En ámbalas dúas liñas de patrocinio, a Entidade obrígase a:

- a) Actualizar os soportes e elementos onde se fixa a imaxe corporativa ao fin de que se cumpran os manuais de identidade establecidos no marco deste Plan de patrocinio.
- b) Manter sempre en perfecto estado os soportes publicitarios comprometidos no correspondente patrocinio.
- c) Responder das consecuencias que se puideran derivar para a Fundación Deporte Galego e para ABANCA da realización dos presentes convenios en condicións de ilegalidade ou de incumprimento da lexislación vixente nesta materia.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola Entidade, de acordo co establecido entre as partes nos presentes acordos. Toda a publicidade estática, material impreso, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, cos contidos proporcionados pola Fundación, sendo por conta da Entidade os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

Os equipos participarán, ademais, nas actividades organizadas no marco Plan GALICIA SAUDABLE e en actividades promocionais dos patrocinadores da Fundación e concretamente de ABANCA.

5. Vixencia dos patrocinios.

O prazo de vixencia de cada un dos convenios estenderase entre a data de sinatura dos mesmos e o 31 de decembro de 2018.

6. Documentación a presentar polas Entidades que cumpren a priori cos requirimentos para ser beneficiarias deste Plan de patrocinios.

1. Forma de presentación.

A Fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio, ao email correspondente facilitado pola respectiva Federación Deportiva Galega, cursando invitación para a presentación da solicitude de patrocinio acompañando o texto do Plan de patrocinio así como copia dos formularios.

A Entidade invitada a tomar parte no procedemento PR960A, presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (ANEXO I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) **Anexo II:** Documentación relativa á proposta publicitaria para DEPORTE GALEGO e GALICIA SAUDABLE.
- b) **Anexo III:** Documentación relativa á proposta publicitaria para ABANCA.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Escritura ou documento de constitución e/ou modificación, ou estatutos, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- NIF da entidade solicitante
- DNI da persoa representante
- Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a entidade se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias
- Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado na solicitude e achegar os documentos por vía electrónica xunto coa solicitude.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7. Prazo de presentación

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de **10 días naturais** a contar dende a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.

8. Subsanación de erros

Finalizado o prazo de presentación da documentación, o/a director/a xerente da Fundación e outro persoal de apoio procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarllo aos/ás interesados/as a través dos medios sinalados por estes no apartado do Anexo I “datos para efectos de notificación”, concedéndose un **prazo non superior a tres días hábiles** para que a Entidade corrixa ou subsane os defectos.

Transcorrido este prazo só se valorarán os expedientes das Entidades que cumpran con todos os requirimentos formais e materiais esixidos.

9. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento, deberán ser realizados electrónicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2018, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarese con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

12. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Beneficiarios Fundación” co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Fundación Deporte Galego. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Fundación Deporte Galego, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Fundación Deporte Galego (Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4. Planta 2ª. 15781. Santiago de Compostela. A Coruña) ou a través dun correo electrónico a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal.

Para dar cumprimento ao presente procedemento, os devanditos datos poden ser obxecto de comunicación aos seguintes organismos: Xunta de Galicia.

13. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.

13.1. Primeira liña: patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para a asignación dos importes dos convenios, establécense distintos criterios atendendo á calidade deportiva e mediática do equipo de categoría absoluta, ao seu impacto como elemento de referencia para reforzar entre a xuventude a necesidade de levar unha vida activa e uns hábitos saudables e o apoio a discapacidade, como aspectos que garanten a repercusión mediática de cada Entidade a patrocinar e o cumprimento dos obxectivos do Plan Galicia Saudable. A información para a aplicación destes criterios virá dada polas correspondentes certificacións aportadas polas federacións deportivas ou entidades organizadoras das competicións.

Se ben os equipos de categoría previa á absoluta, segundo o establecido no apartado 2 deste documento, só poden ser obxecto de patrocinio da segunda liña de patrocinio, aplícanse os criterios da primeira excepto os de publicidade aos efectos de poder calcular a baremación correspondente para a liña específica de ABANCA.

O procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade nesta primeira liña é o seguinte:

13.1.1. Aplicación dos seguintes criterios a cada equipo que cumpra cos requisitos establecidos nestes pregos:

- 1. Número de ligas ás que se accede por clasificación previa: ata 15 puntos**
 - a) 7 ou máis ligas: **15 puntos**
 - b) 4, 5 e 6 ligas: **5 puntos**
 - c) Menos de catro ligas: **0 puntos**

Explicación deste criterio: hai especialidades deportivas que apenas teñen niveis diferentes de ligas para chegar á máxima categoría estatal e outras teñen moitos niveis que dificultan chegar á categoría superior. Isto leva consigo que se valore con maior puntuación ás Entidades que están no segundo suposto. Coincide que a maior número de escalóns para acadar a categoría superior maior expectación publicitaria espertan, ao existir unha maior, e máis numerosa, exposición desa especialidade deportiva ao público.

2. Licenzas desa modalidade deportiva en España no ano 2016 en todas as categorías, segundo os datos oficiais do Consejo Superior de Deportes, diferenciando as masculinas das femininas e tendo en conta a categoría ou nivel da competición (1ª, 2ª ou 3ª en categoría absoluta/senior e 1ª en categoría previa á absoluta): ata 90 puntos.

a) Primeiro nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas:

1. Máis de 100.000: **90 puntos.**
2. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **75 puntos.**
3. Entre 25.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **60 puntos.**
4. Entre 12.001 e 25.000 licenzas, ambos incluídos: **40 puntos.**
5. Entre 2.001 e 12.000 licenzas, ambas incluídas: **15 puntos.**
6. Entre 1.001 e 2.000 licenzas, ambas incluídas: **5 puntos.**
7. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**

b) Primeiro nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con menos de 7 xornadas:

1. Máis de 100.000: **45 puntos.**
2. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **37,5 puntos.**
3. Entre 25.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos.**
4. Entre 12.001 e 25.000 licenzas, ambos incluídos: **20 puntos.**
5. Entre 2.001 e 12.000 licenzas, ambos incluídos: **7,5 puntos.**
6. Entre 1.001 e 2.000 licenzas, ambas incluídas: **2,5 puntos.**
7. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**

c) Primeiro nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas:

1. Máis de 100.000: **90 puntos.**

2. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **75 puntos.**
 3. Entre 25.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **60 puntos.**
 4. Entre 12.001 e 25.000 licenzas, ambos incluídos: **40 puntos.**
 5. Entre 2.001 e 12.000 licenzas, ambas incluídas: **15 puntos.**
 6. Entre 1.001 e 2.000 licenzas, ambas incluídas: **5 puntos.**
 7. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**
- d) Primeiro nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con menos de 7 xornadas ou coa participación simultánea no espazo de competición de menos de 5 deportistas:
1. Máis de 100.000: **45 puntos.**
 2. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **37,5 puntos.**
 3. Entre 25.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos.**
 4. Entre 12.001 e 25.000 licenzas, ambos incluídos: **20 puntos.**
 5. Entre 2.001 e 12.000 licenzas, ambos incluídos: **7,5 puntos.**
 6. Entre 1.001 e 2.000 licenzas, ambas incluídas: **2,5 puntos.**
 7. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**
- e) Primeiro nivel absoluto/senior en competicións onde non exista sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría:
1. Máis de 100.000: **45 puntos.**
 2. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **37,5 puntos.**
 3. Entre 25.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos.**
 4. Entre 12.001 e 25.000 licenzas, ambos incluídos: **20 puntos.**
 5. Entre 2.001 e 12.000 licenzas, ambos incluídos: **7,5 puntos.**
 6. Entre 1.001 e 2.000 licenzas, ambas incluídas: **2,5 puntos.**
 7. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**

- f) Segundo nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas:
1. Máis de 200.000 licenzas: **90 puntos.**
 2. Entre 100.001 e 200.000 licenzas, ambos incluídos: **70 puntos.**
 3. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **50 puntos.**
 4. Entre 35.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos.**
 5. Entre 15.001 e 35.000 licenzas, ambos incluídos: **10 puntos.**
 6. Entre 2.001 e 15.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos.**
 7. Menos de 2.001 licenzas: **0 puntos.**
- g) Segundo nivel absoluto/senior en competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con menos de 7 xornadas:
1. Máis de 200.000 licenzas: **45 puntos.**
 2. Entre 100.001 e 200.000 licenzas, ambos incluídos: **35 puntos.**
 3. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **25 puntos.**
 4. Entre 35.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **15 puntos.**
 5. Entre 15.001 e 35.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos.**
 6. Entre 2.001 e 15.000 licenzas, ambos incluídos: **2,5 puntos.**
 7. Menos de 2.001 licenzas: **0 puntos.**
- h) Segundo nivel absoluto/senior da máxima categoría en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas:
1. Máis de 200.000 licenzas: **90 puntos.**
 2. Entre 100.001 e 200.000 licenzas, ambos incluídos: **70 puntos.**
 3. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **50 puntos.**

4. Entre 35.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos.**
 5. Entre 15.001 e 35.000 licenzas, ambos incluídos: **10 puntos.**
 6. Entre 2.001 e 15.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos.**
 7. Menos de 2.001 licenzas: **0 puntos.**
- i) Segundo nivel absoluto/senior da máxima categoría en competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con menos de 7 xornadas ou coa participación simultánea no espazo de competición de menos de 5 deportistas:
1. Máis de 200.000 licenzas: **45 puntos.**
 2. Entre 100.001 e 200.000 licenzas, ambos incluídos: **35 puntos.**
 3. Entre 60.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **25 puntos.**
 4. Entre 35.001 e 60.000 licenzas, ambos incluídos: **15 puntos.**
 5. Entre 15.001 e 35.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos.**
 6. Entre 2.001 e 15.000 licenzas, ambos incluídos: **2,5 puntos.**
 7. Menos de 2.001 licenzas: **0 puntos.**
- j) Terceiro nivel absoluto/senior en competicións con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas:
1. Máis de 350.000 licenzas: **90 puntos**
 2. Entre 200.001 e 350.000 licenzas, ambos incluídos: **70 puntos**
 3. Entre 100.001 e 200.000 licenzas, ambos incluídos: **30 puntos**
 4. Entre 50.001 e 100.000 licenzas, ambos incluídos: **15 puntos.**
 5. Entre 1.001 e 50.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos.**
 6. Menos de 1.001 licenzas: **0 puntos.**
- k) Primeiro nivel en categoría previa á absoluta en competicións con sistema de liga regular, desenvolvida a nivel estatal, á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, e cun número de xornadas igual ou superior a dez:
1. Máis de 500.000 licenzas: **20 puntos**

2. Entre 250.001 e 500.000 licenzas, ambos incluídos: **10 puntos**
3. Entre 125.001 e 250.000 licenzas, ambos incluídos: **5 puntos**
4. Menos de 125.001 licenzas: **0 puntos**

Explicación deste criterio: valorase máis a aquelas entidades de modalidades con maior número de licenzas en España, dado que isto implica un maior número de seguidores practicantes e afeccionados e polo tanto un maior seguimento da presenza publicitaria. A categoría ou nivel da competición determina se a Entidade patrocinada conta cun equipo na primeira, na segunda ou na terceira categoría a nivel estatal da súa modalidade deportiva. A repercusión mediática dos equipos que na tempada 2017/2018 militan na primeira categoría de competicións con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos é superior aos de primeira categoría de competicións con sistema de liga regular á que se accede por inscrición, aos de categoría única con sistema de clasificación por ránking con acceso por inscrición e aos de segunda. Finalmente, a consideración de modalidade/especialidade olímpica/paralímpica e vinculado ao número de xornadas da competición, esperta diferente atención tamén nos medios de comunicación e entre a cidadanía en xeral.

3. Xornadas fase regular na tempada 2017/2018 (Só se computarán as xornadas nas que compita o equipo durante toda a tempada. Así mesmo, cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada): **ata 35 puntos**
 - a) Máis de 36 xornadas: **35 puntos**
 - b) 34, 35 e 36 xornadas: **30 puntos**
 - c) 31, 32 e 33 xornadas: **25 puntos**
 - d) 28, 29 e 30 xornadas: **20 puntos**
 - e) Entre 23 e 27 xornadas, ambas incluídas: **15 puntos**
 - f) Entre 10 e 22 xornadas, ambas incluídas: **5 puntos**
 - g) Menos de 10 xornadas: **0 puntos**

No caso das competicións de modalidades deportivas onde non se poida garantir a participación nas diferentes xornadas/probas/campionatos da fase regular xa que a súa presenza depende dunha invitación do organizador ou da clasificación a través doutras xornadas/probas/campionatos ou do

propio interese do equipo, a valoración deste criterio será de 0 puntos, tendo en conta que o requisito mínimo de participación para acceder ao patrocinio é de alomenos 3 xornadas/probas/campionatos.

Explicación deste criterio: valorase con maior puntuación ás entidades con equipos participantes en ligas regulares de máis xornadas pola atención mediática que esto suscita.

4. Liga regular ou competición desenvolvida en todo o territorio español ou nunha parte: **ata 5 puntos**

- a) Competición nun só grupo en campionatos con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas: **5 puntos**
- b) Competición nun só grupo en campionatos con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con menos de 7 xornadas: **0 puntos**
- c) Competición nun só grupo en campionatos onde non exista sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos: **0 puntos**
- d) Competición en varios grupos: **0 puntos**

Explicación deste criterio: cando unha mesma categoría ten varios grupos iso implica que non chegan a parte do territorio español mentres que no caso de ter só un grupo a presenza repártese máis e polo tanto a imaxe esparéxase máis polo territorio. Asemade os campionatos nun só grupo con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, implica un maior número de seguidores practicantes e afeccionados e un maior seguimento da presenza publicitaria que naqueles aos que se accede por inscrición.

5. Nivel das competicións oficiais europeas/mundiais nas que participou ou participa na tempada 2017/2018: **ata 80 puntos**

Para competicións onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou en sistema de eliminatorias por sede e conte coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas a valoración deste criterio será:

- a) Competición europea/mundial oficial de máximo nivel na súa modalidade:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **80 puntos.**

- 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **60 puntos.** non
- b) Competición europea/mundial oficial de segundo máximo nivel na súa modalidade:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **60 puntos.**
 - 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **40 puntos.** non
- c) Outras competicións europeas/mundiais oficiais:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **30 puntos.**
 - 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **20 puntos.** non

Para competicións onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguiña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou en sistema de eliminatorias por sede e non conte coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas a valoración deste criterio será:

- d) Competición europea/mundial oficial de máximo nivel na súa modalidade:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **10 puntos.**
 - 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **5 puntos.** non
- e) Competición europea/mundial oficial de segundo máximo nivel na súa modalidade:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **5 puntos.**
 - 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **2,5 puntos.** non

Para competicións onde non estean representados 5 ou máis países e o seu formato non sexa de liguiña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou sistema de rondas eliminatorias por sede e non conte coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas a valoración deste criterio será de **0 puntos.**

Explicación deste criterio: o patrocinio publicitario debe ser máis valorado naquelas entidades que teñan equipos que competiran ou compitan fóra de España, ó chegar ó público doutros países e tendo unha maior presenza nos medios de comunicación de Galicia. A esixencia dun número mínimo de países establécese para garantir que a competición teña representatividade internacional.

6. Deportistas participantes do equipo de forma simultánea no espazo de competición. Só se puntuará aos equipos que participen en competicións con 7 ou máis xornadas: **ata 30 puntos**
- a) Máis de 13 deportistas: **30 puntos**
 - b) 12 e 13, ambos incluídos: **20 puntos**
 - c) 10 e 11: **15 puntos**
 - d) Entre 6 e 9, ambos incluídos: **12,5 puntos**
 - e) 5 deportistas: **10 puntos**
 - f) Menos de 5: **0 puntos.**

Só se valorará este criterio naqueles equipos que participen en competicións cuxo regulamento garanta a obrigatoriedade de participación simultánea no espazo de competición dun mínimo de deportistas en cada unha das competicións que conforman a liga ou ránking. No caso de que se garanta esta participación, tomarase como referencia para a valoración o número de participantes da proba na que se obrigue a participar a menos deportistas.

Explicación deste criterio: ao igual que acontece co criterio de número de xornadas de fase regular, o número de deportistas que compiten de forma simultánea é un criterio que debe diferenciar e valorar en maior medida aquelas modalidades que contan con máis deportistas competindo ao mesmo tempo, dado que isto implica un maior número de presenzas publicitarias á vez no mesmo espazo de competición, tendo en conta que cada deportista levará na súa equipación a imaxe corporativa do Plan de patrocinios.

7. Títulos de campión/subcampión en categoría absoluta/senior (ata a tempada 2016/2017) nos últimos 15 anos se o equipo de categoría senior/absoluto compite na tempada 2017/2018 na máxima categoría estatal e nos últimos 10 anos se non compite na máxima categoría estatal. **Ata un máximo de 20 puntos en títulos de ámbito estatal e ata un máximo de 40 puntos para o total desta liña.**
- a) Na máxima competición europea/mundial oficial da modalidade á que se accede por clasificación na competición que cumpre os requisitos do plan e onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguiña regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas:
 - 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas:
 - a. **20 puntos** por título de campión:
 - b. **10 puntos** por subcampeonato:

2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: non
- a. **10 puntos** por título de campión.
 - b. **5 puntos** por subchampionato.
- b) Outros títulos oficiais europeos ou mundiais en competicións ás que se accede por clasificación na competición que cumpre os requisitos do plan e onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguina regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas:
- 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas:
 - a. **10 puntos** por título de campión:
 - b. **5 puntos** por subchampionato:
 - 2. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: non
 - a. **5 puntos** por título de campión.
 - b. **2,5 puntos** por subchampionato.
- c) Liga regular e/ou ránking da máxima categoría estatal:
- 1. Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas en cuxa competición obxecto de valoración do título participaron como mínimo 15 equipos:
 - a. **10 puntos** por título de campión.
 - b. **5 puntos** por subchampionato.
 - 2. Resto de modalidades/especialidades en cuxa competición obxecto de valoración do título participaron como mínimo 15 equipos ou ben contara con 7 ou máis xornadas e ademais que fora necesaria a participación simultánea no terreo de competición de 5 ou máis deportistas:
 - a. **10 puntos** por título de campión.
 - b. **5 puntos** por subchampionato.
- d) Copa, Supercopa ou similares. Deberá estar vinculada á máxima categoría estatal á que se accede por clasificación con sistema de ascensos e descensos con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas:
- 1. **5 puntos** por título de campión.
 - 2. **2,5 puntos** por subchampionato.

As probas consideradas como Campionatos de España, Copas de España, Copas do Rei ou da Raiña ou similares que puntúan para á clasificación final da liga ou do ranking por equipos, non serán valoradas neste apartado.

Só se terán en conta os resultados das tempadas onde a clasificación final da liga regular ou ranking se obteña unicamente polos resultados dos deportistas de categoría senior.

Explicación deste criterio: este criterio cada ano ten máis valor porque podemos comprobar que a presenza nos medios de comunicación e moitísimo maior cando se trata de equipos que conseguiron títulos importantes.

8. Participación do equipo de categoría senior/absoluta noutras competicións, dentro da mesma especialidade, a maiores da competición principal, que sexan de ámbito estatal con sistema de clasificación por equipos en categoría senior/absoluta, que conte con 7 ou máis xornadas, coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas e cuxa participación non sexa de inscrición libre. (Só se computarán as xornadas nas que teña que competir o equipo. Así mesmo, cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes no mesmo lugar de forma consecutiva, só computará coma unha xornada). A estes efectos non se teñen en conta para valoración aquelas competicións que non se organizaran alomenos unha vez nos últimos 3 anos : **ata 60 puntos.**
 - a) Modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas: **60 puntos.**
 - b) Modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas: **30 puntos.**

9. Tempadas na máxima categoría estatal nos últimos 15 anos (ata a tempada 2016/2017): **Ata 27,5 puntos.**
 - a) Competicións de modalidades/especialidades olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría: **Ata 27,5 puntos.**
 1. Cada tempada: **1,5 puntos.**
 2. Equipos que estean nesta tempada na máxima categoría estatal de competicións con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas e que estiveran nos últimos 15 anos, 8 ou máis tempadas nesta categoría: **5 puntos.**
 3. Equipos que descenderon na tempada 2016/2017 á segunda máxima categoría con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas e que

estiveran nos últimos 15 anos, 10 ou máis tempadas na máxima categoría: **5 puntos.**

b) Competicións de modalidades/especialidades non olímpicas/paralímpicas con sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e con 7 ou máis xornadas e coa participación simultánea no espazo de competición de 5 ou máis deportistas: **Ata 27,5 puntos.**

1. Cada tempada: **1,5 puntos.**

2. Equipos que estean nesta tempada na máxima categoría estatal que estiveran nos últimos 15 anos, 8 ou máis tempadas nesta categoría: **5 puntos.**

3. Equipos que descenderon na tempada 2014/2015 da máxima categoría e que estiveran nos últimos 15 anos, 10 ou máis tempadas na máxima categoría: **5 puntos.**

c) Resto de competicións: **0 puntos.**

Explicación deste criterio: cando un equipo se consolida na elite fortalece moito máis a imaxe de calquera marca e máxime cando se trata de difundir a imaxe dun Plan que pretende que se consolide cos anos entre a poboación.

10. Competición principal da categoría absoluta e/ou previa á absoluta para discapacitados/as: 15 puntos.

Explicación deste criterio: preténdese reforzar con este criterio a accesibilidade do Plan Galicia Saudable a toda a cidadanía, tendo como un dos grupos destinatarios principais ás persoas con discapacidade.

11. Equipos nos que todos os seus deportistas precisen implementos voluminosos para a competición que se desprazan dentro da competición co propio deportista, tales como bicicletas, sillas de rodas, kayaks, canoas e traíñeiras: 5 puntos

Explicación deste criterio: Aquelas especialidades deportivas que precisan implementos voluminosos para os seus deportistas son moi atractivos para o público e poden fortalecer aínda máis a presenza publicitaria da imaxe establecida para o Plan.

12. Deportistas Galegos de Alto Nivel: ata 20 puntos.

a) Por cada Deportista Galego de Alto nivel recoñecido pola Secretaría Xeral para o Deporte no momento de presentación da proposta publicitaria da Entidade e que compita co equipo obxecto de patrocinio de categoría absoluta e/ou previa á absoluta: **1 punto.**

Explicación deste criterio: os deportistas son os verdadeiros protagonistas do deporte de alto nivel en Galicia, e máxime aqueles que están recoñecidos oficialmente como Deportistas Galegos de Alto Nivel pola obtención de resultados relevantes.

- b) Equipos que contén nas súas filas con algún/algúnha Deportista Galego/a de Alto Nivel recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte no momento da presentación da proposta publicitaria da Entidade que acadaran un resultado de ata 8º posto en proba olímpica (en calquera dos programas olímpicos) no Campionato do Mundo absoluto ou nos Xogos Olímpicos (**ata 10 puntos): 5 puntos por cada deportista con este resultado.**

Explicación deste criterio: O deporte de alto nivel mídese polos resultados tanto do equipo como dos seus deportistas a nivel estatal e internacional. Especialmente os resultados internacionais dos deportistas en probas olímpicas espertan un grande interese nos medios de comunicación e entre o público en xeral, motivo polo cal é preciso non só ter en conta os resultados dos equipos senón tamén dos deportistas que conforman parte del.

13. Presenza publicitaria: ubicación, tamaño e impacto da imaxe nos soportes publicitarios e melloras publicitarias propostas polas Entidades: **ata 15 puntos**

- a) Ubicación e tamaño nos soportes publicitarios establecidos: **ata 5 puntos.**
b) Melloras publicitarias: **ata 5 puntos.**
c) Impacto da imaxe: **ata 5 puntos.**

Explicación deste criterio: con este criterio preténdese valorar aos equipos que oferten unha maior presenza publicitaria ca mínima que establecida como obrigatoria pola Fundación.

- 13.1.2. No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto deste patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo.

- 13.1.3. No caso daquelas entidades cuxas xornadas de liga/ránking da competición principal do equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto de patrocinio se desenvolvan só en Galicia, reducirán a puntuación total, descontando a puntuación do criterio de presenza publicitaria, nun 50%, aínda que compitan en ránking cos equipos de todas as demais Comunidades Autónomas

Tomarase como puntuación final o resultado da redución porcentual aplicada máis a puntuación do criterio de presenza publicitaria.

13.1.4. No caso daquelas entidades cuxa competición principal do equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto de patrocinio se desenvolva en varios grupos e que o seu grupo só englobe dúas comunidades autónomas, reducirán a puntuación total, descontando a puntuación do criterio de presenza publicitaria do seguinte xeito:

- nun 50% se o número de equipos galegos que conforman o grupo suman unha porcentaxe superior ao 50%.
- nun 25% se o número de equipos que conforman o grupo suman unha porcentaxe de entre o 25% e o 50%.

Tomarase como puntuación final o resultado da redución porcentual aplicada máis a puntuación do criterio de presenza publicitaria.

13.1.5. No caso daquelas entidades, cuxos equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta participan nunha competición onde os equipos galegos que a conforman suman unha porcentaxe superior ao 75% en canto ao número total de equipos do seu grupo, reducirán a puntuación total, descontando a puntuación do criterio de presenza publicitaria, nun 50% tomando como puntuación final o resultado da redución porcentual anterior máis a puntuación do criterio de presenza publicitaria.

13.1.6. No caso daquelas entidades, cuxos equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta que participen en competicións en sistema de liga regular/ránking a cuxa máxima categoría non se acceda por clasificación e que participara só unha tempada nesta competición con anterioridade á actual nos últimos 5 anos, reducirán a puntuación total, descontando a puntuación do criterio de presenza publicitaria, nun 25% tomando como puntuación final o resultado da redución porcentual anterior máis a puntuación do criterio de presenza publicitaria.

13.1.7. No caso daquelas entidades, cuxos equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta que participen en competicións que modificaran o seu sistema de liga regular ou ranking e/ou seu sistema de clasificación, nos últimos 5 anos, sufrindo alteracións substanciais (cambiar o carácter da competición de mixto a masculino e feminino por separado ou de sistema de ránking a sistema de liga regular con ascensos e descensos regulados exclusivamente a través dos resultados

deportivos), reducirán os puntos totais acadados, descontando a puntuación do criterio de presenza publicitaria do seguinte xeito:

- Nun 15% se a vixencia das alteracións substanciais da competición se estenden dende a tempada 2014-2015 ou exercicio 2015 ata a actual tempada 2017-2018 ou exercicio 2018.
- Nun 30% se a vixencia das alteracións substanciais da competición se estenden dende a tempada 2015-2016 ou exercicio 2016 ata a actual tempada 2017-2018 ou exercicio 2018.
- Nun 50% se a vixencia das alteracións substanciais da competición se estenden dende a tempada 2016-2017 ou exercicio 2017 ata a actual tempada 2017-2018 ou exercicio 2018.

Tomarase como puntuación final o resultado da redución porcentual aplicada máis a puntuación do criterio de presenza publicitaria.

Quedarán exentos desta redución os equipos que aínda estando neste suposto, xa formaban parte do plan de patrocinio con anterioridade ao da tempada 2016-2017 ou exercicio 2017.

- 13.1.8. No caso de que algunha entidade cumpra con máis dun suposto para a redución do importe do patrocinio, só se lle aplicara a de maior porcentaxe.
- 13.1.9. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración así como executados os axustes anteriores, e obtida unha puntuación para cada equipo procederase a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.
- 13.1.10. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento establecido para esta liña de patrocinio entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.
- 13.1.11. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe desta liña de patrocinio para cada equipo.
- 13.1.12. No suposto de que algún equipo non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos.

13.2. Segunda liña: liña específica ABANCA.

Nesta segunda liña do Plan de patrocinio, ademais dos criterios que avalían o peso publicitario dos equipos de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto de patrocinio de cada entidade, gañan presenza os criterios que valoran as categorías base.

Por tal motivo, o procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade que cumpre cos requisitos para ser tamén patrocinada con cargo á segunda liña é o seguinte:

13.2.1. Aplicación dos seguintes criterios a cada entidade/equipo en relación ás prestacións publicitarias establecidas para ABANCA:

1. Presenza publicitaria nos equipos: ubicación, tamaño e impacto da imaxe de ABANCA nos soportes publicitarios establecidos pola Fundación e melloras publicitarias propostas polas Entidades: **ata 20 puntos**
 - a) Ubicación e tamaño da imaxe nos soportes do primeiro equipo: **ata 10 puntos.**
 1. Ubicación: **ata 5 puntos.**
 2. Tamaño: **ata 5 puntos.**
 - b) Melloras publicitarias: **ata 5 puntos.**
 1. Melloras respecto aos soportes establecidos para o equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta e as categorías de base: **ata 5 puntos.**
 - c) Impacto da imaxe: **ata 5 puntos.**
2. Eventos e actividades: Relevancia en canto ao ámbito, consolidación e tipo dos eventos deportivos e actividades organizadas polas entidades: **ata 5 puntos.**
3. Deporte base e deporte adaptado a maiores do equipo de categoría senior e/ou previa á absoluta. Ata 100 puntos.
 - a) Número de licenzas: **100 puntos.**
 1. Tomamos como referencia a entidade con máis licenzas certificadas de categorías base e ou deporte adaptado, que obterá 100 puntos.
 2. Multiplícase o número de licenzas das categorías base e/ou deporte adaptado por 100 e divídese polas licenzas do equipo que máis teña.
 3. Destas operacións resulta a puntuación da entidade neste criterio.

Se unha mesma entidade ten varios equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta que sexan patrocinados

nesta segunda liña de patrocinio, en relación a estes criterios de deporte base e deporte adaptado, o sumatorio dos puntos que lle correspondería a cada equipo dividirase entre o número de equipos senior e/ou de categoría previa á absoluta, se comparten a base. Salvo que se sinala o contrario expresamente na proposta de cada entidade, o deporte base é da Entidade, non do equipo, polo que se asociamos o deporte base da entidade a cada equipo estaríamos multiplicando a valoración dun mesmo soporte publicitario, a pesar de que a prestación só se efectúa unha soa vez.

- 13.2.2. *Sumatorio das puntuacións acadadas nos criterios de valoración deste apartado e sumatorio das puntuacións totais finais acadadas no apartado 13.1) descontando a súa puntuación do criterio de presenza publicitaria.*
- 13.2.3. *Unha vez obtida unha puntuación para cada Equipo, procederase a sumar as puntuacións totais de todos.*
- 13.2.4. *No caso de que unha Entidade teña varios equipos que cumpran cos requirimentos para ser obxecto de patrocinio efectuaráselle unha baremación por equipo, salvo as excepcións sinaladas anteriormente en relación ao deporte base.*
- 13.2.5. *Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo procederase a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.*
- 13.2.6. *Seguidamente, divídese o importe total do orzamento establecido para esta liña de patrocinio entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos de todas as Entidades, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.*
- 13.2.7. *Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo, resultando o importe desta liña de patrocinio para cada equipo.*
- 13.2.8. *No suposto de que algunha das entidades non aceptara o patrocinio, recalcularanse os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos, sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.*

13.3. Importe patrocinio total.

Como se indicou anteriormente, unha entidade/equipo pode optar só ao patrocinio da primeira liña ou das dúas liñas, en función de se cumpre ou non cos requirimentos esixidos para a segunda liña. Únicamente os equipos de categoría previa á absoluta, só poden acceder á segunda liña.

No caso das entidades que cumpran cos requirimentos para o patrocinio de ámbalas dúas liñas sumarán os importes correspondentes á valoración de cada unha delas, que será a cantidade que se reflectirá no convenio.

14. Resolución do patrocinio.

O técnico responsable do procedemento, trasladará informe coas puntuacións de cada entidade segundo os criterios establecidos no Plan así como as cantidades resultantes da súa aplicación ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

O prazo máximo para notificar a resolución expresa non poderá exceder dos tres meses, a contar dende a entrada da solicitude no rexistro electrónico. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexitima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

15. Aceptación do patrocinio.

Trala resolución dos patrocinios, as entidades patrocinadas, disporán dun prazo de 3 días hábiles a contar desde o momento da publicación da resolución para aceptar o patrocinio por calquera dos medios sinalados no Anexo I para notificacións. Se neses 3 días hábiles non hai pronunciamento, enténdese aceptado.

No caso de que sendo obxecto das dúas liñas de patrocinio, algunha entidade quixera renunciar só a unha das dúas liñas de patrocinio, deberá comunicalo igualmente neste prazo.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

16. Nova resolución se algunha entidade renunciara ao patrocinio.

Se se dera o caso de que algunha Entidade non aceptara a totalidade do patrocinio ou unha das dúas liñas, efectuaríase unha segunda resolución incorporando de novo ao reparto o crédito dos patrocinios aos que renunciaron as entidades e redistribuíndoo de novo entre os equipos que si aceptaran.

O anterior, entenderase sen prexuízo do previsto en relación co número mínimo de equipos a patrocinar con cargo á liña específica ABANCA.

17. Formalización do patrocinio.

Os patrocinios asinaranse pola Fundación con cada unha das entidades. As entidades que contan con máis dun equipo patrocinado, deberán formalizar un convenio por cada un.

18. Fórmula de pago.

O importe de cada convenio será abonado pola Fundación en tres prazos:

O 50% do importe unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter realizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio (**Anexo IV**) e recibida a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2018 (50%)”.

O 30% aboarase despois de ter cobrado o 1º prazo, e unha vez rematadas as competicións e actividades principais do equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto de patrocinio da tempada 2017/2018, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio en situacións reais de competición, adestramento e viaxe (**Anexo V**), e recibida a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2018 (30%)”.

O 20% restante aboarase a partir do 31.12.2018, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio 2018 e unha vez recibida a correspondente factura emitida pola Entidade con data 31.12.2018, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica do cumprimento das obrigas (**Anexo VI**) e da memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade (**Anexo VII**). Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (**Anexo VIII**). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Terceiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade

..... ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2018 (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos tres prazos de xustificación e pagamento será o 31 de xaneiro de 2019. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Os documentos relativos á declaración responsable e xustificación dos tres prazos previstos neste apartado están dispoñibles na sede electrónica para o procedemento **PR960A**. Para a súa presentación, utilizaranse os medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadan da entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e utilizando os modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites, indicando o código **PR960A** e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

19. Penalizacións.

As entidades patrocinadas están obrigadas ao estrito cumprimento das obrigas adquiridas en virtude do convenio suscrito coa Fundación e do Plan de patrocinio que lle serve de base, véndose tamén obrigadas a comunicar de forma inmediata á Fundación calquera circunstancia que afecte ao exacto cumprimento das prestacións ás que se obriga.

Se o incumprimento das obrigas vén motivado pola desaparición da entidade ou polo abandono da competición principal do seu equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta, a entidade perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de abono, procedéndose ademais á resolución automática do convenio.

Nos restantes supostos de incumprimento motivados pola imposibilidade da entidade de cumprir coas obrigas publicitarias contraídas coa subscripción do convenio, á Fundación poderá optar por outras alternativas publicitarias diferentes ás inicialmente acordadas ou pola redución proporcional do patrocinio, podéndose derivar nestes supostos a procedencia do reintegro do importe pagado en exceso se, efectuado algún pago antes do incumprimento, o novo patrocinio resultante fora inferior ao inicialmente acordado.

20. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.

Serán causas de resolución as seguintes:

- Obtención do patrocinio falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento total do proxecto que fundamenta a formalización do convenio.

- Se o equipo senior e/ou de categoría previa á absoluta obxecto do patrocinio abandona a competición principal antes de calquera dos prazos de pago ou desaparece a entidade.
- Non ter participado en alomenos tres das xornadas/probas/campionatos que conforman a competición de máximo nivel en **categoría absoluta/senior e/ou previa á absoluta.**
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación en relación ao cumprimento do establecido no correspondente convenio e neste Plan.
- Resultar inviable a realización de todas as actuacións descritas neste Plan por causas non imputables ás Partes.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade e todos os seus membros (directivos, corpo técnico, deportistas, etc....) obríganse a cumprir coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita anti-dopaxe en orde á permanente localización e sometemento dos/as deportistas aos controis antidopaxe que ditas autoridades consideren oportuno establecer, tanto dentro como fóra de competición.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todos os seus directivos, socios, abonados, corpo técnico, deportistas, etc.... cumpran coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros da normativa en materia de protección integral contra a violencia de xénero, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio.

21. Actuacións de control por parte da Fundación.

As entidades que formalicen o convenio ou convenios de patrocinio, deberán facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

22. Información para ABANCA.

As entidades que accedan á segunda liña de patrocinio autorizan á Fundación a facilitarlle a ABANCA a información relativa á denominación e domicilio da entidade, ao detalle dos soportes publicitarios nos que incluírá a imaxe de ABANCA segundo a súa proposta publicitaria, así como ao importe correspondente á segunda liña de patrocinio.